

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2023

O final dun camiño e o inicio de moitos

1. Presentación	2
2. Vida asociativa e Rede IGADI	3
3. Documentación	4
4. Liñas de Investigación, Análise e Observatorios	4
5. Publicacións	8
6. Proxectos e actividades	10
7. Dinamización Acción Exterior de Galicia	14
8. Fundación Plácido Castro	16
9. Comunicación	17
10. Conclusións	18

1. PRESENTACIÓN

O IGADI seguiu a avanzar durante o 2023 na renovación organizativa e relevo xeracional comezado no 2019. Durante o ano pasado destacamos especialmente o final da crise aberta que trouxo a pandemia, o inicio do funcionamento da web nova e multi-idiomas www.igadi.gal, a nova estrutura de investigación da entidade, a xuntanza do Consello Asesor ou o camiño aberto para a consecución do estatuto de asociación de utilidade pública. Combinamos desta maneira as liñas de traballo tradicionais do IGADI como a edición do

Tempo Exterior ou os Informes anuais, con proxectos novedosos como o realizado co Campus Industrial de Ferrol para conectalo a Asia e a China ou os novos formatos de actividades como as Gala da Lusofonía e A Coruña Global.

Da mesma maneira, seguimos construíndo as bases dunha política de acción exterior para Galicia, especificamente co seguimento e incidencia arredor da nova Estratexia Galega de Acción Exterior 2023-2027 e de maneira transversal por medio de todas as nosas actividades.



2. VIDA ASOCIATIVA E REDE IGADI

Durante o 2023 a **Xunta Directiva** da entidade actualizouse, dando continuidade á vida orgánica da entidade, ampliando e desenvolvendo as *Liñas 2021* por medio de sete Xuntas Directivas ao longo do ano, especialmente concentradas durante o primeiro cuadrimestre.

Desta maneira na **Asemblea Xeral** ordinaria do 18 de marzo do 2023 aprobouse o Plan anual “*O final dun camiño e o inicio de moitos*” que ao longo do ano desenvolveuse cun éxito notable. Os resultados puideron contrastarse na Asemblea Xeral do 2 de decembro, que ademais de dar conta dos avances do ano, aprobou a decisión de converter ao IGADI nunha asociación de utilidade pública.

No marco da Rede IGADI, cómpre destacar a a xuntanza presencial do **Consello Asesor** na sede central do IGADI (Centro Cívico Sur de Pontevedra) o 25 de setembro. A xuntanza serviu para avaliar o estado xeral da entidade trala pandemia, así como proxectar o futuro do Consello no marco da organización e a súa ampliación durante os próximos anos.

No marco da Rede IGADI cómpre destacar a xuntanza do **Consello de Redacción do Tempo Exterior**, que dirixido por Celso Cancela, avaliou o primeiro trienio da terceira etapa histórica da revista. A xuntanza marcou as bases para seguir a desenvolver o perfil académico da revista durante o próximo trienio, onde se renovará o Consello Científico e de Redacción, e onde se aspira a dar pasos adiante na mellora da revista nos índices académicos. Por último en relación á vida asociativa faise necesario apuntar ás **Visitas ao local do IGADI** na que destacaron a xuntanza coas estudantes de prácticas da Universidade de Vigo, aos que acompañou un representante da Juventude Unida da Lingua Portuguesa, co que o IGADI asinou un Acordo de colaboración no 2023.

Destacaron tamén a visita da Directora do Observatorio de la Política China e parte do Consello de Investigación do IGADI, Raquel Isamara león de la Rosa, tanto ao local de Pontevedra, como á oficina do IGADI no Edificio do Estudantado do Campus Industrial de Ferrol.





3. DOCUMENTACIÓN

CIDIC (Centro de Información e Documentación Internacional Contemporánea)

O CIDIC é o centro de documentación da asociación, que retrata a Galicia e o mundo actual dende o final da Guerra Fría, construído ao longo da historia do IGADI 1991-2023. O CIDIC converteuse desta maneira nun centro único no país pola súa especialización sectorial. Aspírase na etapa que está por vir, á integración do CIDIC (como biblioteca e arquivo físico da entidade) co CIDIC dixital e o Arquivo da Historia da Acción Exterior de Galicia que se activou coa chegada da web nova do IGADI.



4. LIÑAS DE INVESTIGACIÓN, ANÁLISE E OBSERVATORIOS

Coa chegada da web nova inaugurada o 18 de xaneiro do 2023, oficializouse unha nova organización das Liñas de Investigación e Análise do IGADI, destacando que alén de seguir a estela tradicional do IGADI, emerxemos liñas temáticas específicas novidosas, como a de Unión Europea e Economía, así como o Observatorio das Diásporas. Se ben é certo que esas liñas temáticas sempre estiveron no traballo cotiá da asociación desde

múltiples actividades, trátase de dotalas de peso específico e de avanzar na integración e coherencia da para-diplomacia galega.

Contextualizamos e presentamos os resultados da produción de análises e materiais na web, así como as actividades máis relevantes das distintas Liñas de Investigación e Análise durante o 2023:

Relacións Internacionais, Coordinador:

Daniel González Palau

Durante o 2023 publicáronse 96 artigos na web do IGA-DI ligados á Liña, procedentes de 12 países, aínda que maioritariamente producidos desde Galicia. Destacan ademais a publicación do *IGADI Annual Report 2022-2023* e o traballo específico en relación á política china e a lusofonía, que desenvolven o OPCH e o OGALUS

Paradiplomacia, Coordinador:

Daniel González Palau

Durante o 2023 publicáronse 77 artigos na web do IGA-DI ligados á Liña de investigación e Análise en Paradiplomacia. Destacan ademais do Informe *Nós No Mundo 2022-2023*, o traballo de incidencia e seguimento arredor da Estratexia Galega de Acción Exterior 2023-2027, así como distintos estudos e informes realizados para institucións galegas, onde o traballo co Concello da Coruña arredor das Bases de Acción Exterior voltou ter continuidade.

Cooperación Internacional e Axenda 2030,

Coordinador: Daniel González Palau

Durante o 2023 publicáronse 26 artigos na web do IGA-DI ligados á Liña de investigación e análise en Cooperación Internacional e Axenda 2030. Destacou o traballo do Director na coordinación do curso da Escola Galega de Administración Pública “A Axenda 2030 e a súa implementación nas administracións públicas”.

Unión Europea, Coordinador:

Serafín Pazos Vidal

Durante o 2023 publicáronse 16 artigos na web do IGA-DI ligados á Liña de investigación e análise en Unión Europea, destacando a análise do impacto da presidencia española da UE e a participación de Galicia na mesma. Destacou a publicación e presentación pública da investigación “A Paradiplomacia en Europa” xunto a Fundación Coppieters.



Economía, Coordinador: Diego Sande Veiga

Durante o 2023 publicáronse 33 artigos na web do IGADI ligados á Liña de investigación e análise en Economía, destacando as entrevistas a axentes económicos da internacionalización de Galicia como a Cámara de Comercio de Santiago, o IGAPE ou a Confederación de Empresarios de Galicia.

Observatorio de la Política China, Directora: Raquel I. León de la Rosa

O IGADI continuou a impulsar o Observatorio da Política China (OPCh) por medio de distintas actividades, da análise na web á elaboración de documentos referenciais nos estudos chineses en español. Cómpre destacar, ademais dos máis de 150 artigos de actualidade publicados na web, o Informe anual de Política China, así como o Informe Taiwán, e de maneira específica a XIII edición do Simposio electrónico de Política China, celebrado entre do 1 ao 21 de marzo do 2023.

De maneira moi especial, cómpre destacara o Protocolo Xeral de Actuación asinado con Casa Asia, o Acordo de colaboración co Instituto de Estudos Europeus de Macau, a Campaña polo Día internacional da muller, visibilizando as mulleres expertas en China, así como o traballo específico do IGADI-OPCh co Campus Industrial de Ferrol, que trouxo a Raquel Isamara León de la Rosa, Directora do OPCh, a Galicia, para participar nas Xornadas “Ferrol no mundo: O diálogo Oriente-Occidente”. Ademais, no contexto da visita a Galicia da Directora do Observatorio de la Política China, realizáronse charlas en Pontevedra, unha Charla “O Mundo desde aquí: Feminismos na China” na Casa das Campás e unha charla co Grao en Dirección e Xestión pública da Universidade de Vigo arredor das relacións entre a UE e China.



Marola Padín Novas

Adscripción

Universidad de Santiago de Compostela

Área: Economía, empresas, política comercial y comercio exterior

Es vicedirectora del IGADI (Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional) y directora adjunta del Observatorio de la Política China (OPCh).

Loda en CC. Políticas por la rama de RR.II. en la Universidad de Santiago de Compostela (USC).

Ma Chinese Studies (SOAS, University of London) y estudiante de lengua china en la National Taiwan University con la Huayu Enrichment Scholarship.

Investigadora visitante en la Chinese Academy of Social Sciences (CASS) y profesora visitante en la Jiangsu Normal University.

Síntesis Curricular

Publicaciones

Colaboradora con diversos think tanks (Atlantic Community) y en diversas publicaciones. Su foco de atención se centra en la política interna y la situación de la mujer china entre otros

Nós en China, China en nós o Plan China en ruta, Unha ollada universal cunha perspectiva GaliChina nun mundo confinado. Padín Novas (2020)

Contacto

ORCID: <https://orcid.org/0000-0002-6225-7376>
 LIGA: files.tempoexterior_41_entero-79-89.pdf (igadi.gal)
 YouTube: <https://www.youtube.com/watch?v=ixBs1DQ4ghw>



Observatorio de la
Política China





OGALUS: Observatorio Galego da Lusofonía

Durante o 2022 publicáronse 28 artigos na web do IGADI ligados á actividade do Observatorio Galego da Lusofonía. Destacou a a Gala da Lusofonía “A República dos Sonhos: Nao somos o mesmo país, mas nao somos estranxeiros”, celebrada en Tomiño, a publicación do especial polo 15 aniversario do IGADI Lusofonía así como o seguimento ao Decreto da Xunta de creación do Observatorio da Lusofonía Paz Andrade onde o IGADI é membro nato como entidade experta.

Observatorio das Diásporas

O Observatorio das Diásporas crea reflexión e coñecemento, contidos e actividades, para visibilizar e mellorar as capacidades e posibilidades dunha Diáspora Galega en rede do S.XXI. Durante o 2023 publicáronse na web 12 artigos no marco do Observatorio das Diásporas.



5. PUBLICACIÓNS

O traballo de documentación e investigación arredor das nosas liñas de traballo históricas reflíctese en toda a actividade e proxectos do IGADI e de maneira explícita na nosas publicacións. Ás publicacións de referencia do IGADI, os seus Informes anuais e a revista Tempo Exterior, sumouse durante o 2023 a publicación extraordinaria do Especial do OGALUS polo seu 15 aniversario.

Informes Anuais:

IGADI Annual Report e Nós no Mundo.

A decimo-sexta edición do IGADI Annual Report 2022-2023 “Globalización e multipolaridade en tempos de Guerra” achegou de novo unha análise da xeopolítica internacional e a política global desde Galicia, no obxec-

tivo de achegarse aos acontecementos máis destacados do 2022 así como as dinámicas de fondo que modelaron a realidade internacional e as perspectivas coas que encarabamos 2023. O anuario presentouse o 17 de maio, coincidindo co Día das Letras Galegas.

Da mesma maneira o Informe anual sobre a acción exterior de Galicia, Nós No Mundo 2022-2023, titulouse, na súa décimo-terceira edición, “Impulsando o futuro, activando a Lei de Acción Exterior”. Serviu a edición do 2023 para achegarse ás distintas implicacións da Estratexia Galega de Acción Exterior 2023-2027 (EGAEX 23-27), actualmente estancada no Parlamento, trala convocatoria de eleccións para o 18 de febreiro do 2023. A edición de ambos os Informes foron financiados pola SX de Política Lingüística





Tempo Exterior

No 2023 superamos o primeiro trienio da terceira etapa histórica da revista semestral de estudos internacionais do IGADI, o Tempo Exterior. En liña cos desafíos abertos polo plan estratéxico do IGADI *Liñas 2021* a revista apostou por procurar unha maior dirección en liña coa Universidade galega e internacional. Destacou a creación dunha nova sección, -Notas de investigación, para das espazo a investigadores noveles.

O número 45 do Tempo Exterior (xaneiro-xuño 2023), coordinado por **João Casqueira e Mónica López Vizo**, achegouse de maneira monográfica ao estado da Paz, os Dereitos Humanos e os conflitos, contando tamén con artigos de miscelánea, notas de investigación e recensión de libros. O número contou co apoio publicitario da do Concello de Pontevedra, así como a colaboración da SX de Política Lingüística da Xunta de Galicia.



O número 46 do Tempo Exterior (xullo-décembro 2023), coordinado por **Rubén Lois** (Universidade de Santiago de Compostela) enfócase de maneira monográfica nas relacións entre Portugal, Galicia e a lusofonía. O número conta ademais con textos de miscelánea, notas de investigación e recensión de libros, todas elas conectadas coas nosas Liñas de investigación e análise. Contou co apoio do Concello de Pontevedra e a Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Continuamos a terceira etapa da revista, que desde o 2020 dirixe **Celso Cancela**, profesor da Universidade de Vigo, xunto a 6 especialistas do Consello de Redacción das Universidades galegas.

Ambos os números contaron coa colaboración publicitaria do Concello de Pontevedra e a SX de Política Lingüística.

Especial Lusofonía: 15 anos do OGALUS

A data do 5 de maio, establecida oficialmente en 2009 pola Comunidade de Países de Lingua Portuguesa (CPLP) é desde o 2019, froito da decisión da 40.ª sesión da Conferencia Xeral da UNESCO o “Día Mundial da Lingua Portuguesa”. No marco desta celebración, o Observatorio galego da Lusofonía (OGALUS) no contexto do seu décimo quinto aniversario, lanzou un especial que circula por distintos continentes, achegándose a cuestións esenciais para o espazo da lusofonía do século XXI; como o papel de Galicia ou Macau, a importancia da mobilidade de persoas no espazo xeopolítico da CPLP, o papel das áreas transfronteirizas en construción no espazo internacional lusófono ou as distintas relacións entre estados e actores non estatais da lingua portuguesa.

No especial participaron 23 investigadores que ofrecen un mosaico e un diálogo da lusofonía do posible. O especial do OGALUS realizouse baixo a coordinación do Wesley Sateles Guerra, e contou coa parcería do CERES do Brasil e a da Juventude Unida dos Países da Lingua Portuguesa, coa que o IGADI recentemente asinou un acordo de colaboración.



6. PROXECTOS E ACTIVIDADES

O IGADI realiza as súas propias actividades e proxectos presenciais e en liña, en contacto directo coa cidadanía, as institucións e a sociedade civil galega, para a promoción dunha cidadanía global e un país internacionalizado, capacitado e con ferramentas para o mundo do S.XXI.


Gala da lusofonía “A república dos sonhos”

A primeira Gala da Lusofonía celebrouse o 21 de xaneiro en Tomiño coa presentación do evento de Esther Estévez e guión de Tino Santiago e Alberto Mancebo. A Gala “A República dos Sonhos” (inspirado na novela de Nélida Piñon) “Non Somos o mesmo País, pero non Somos estraxeiros” foi organizada polo IGADI a través



dun convenio coa Deputación de Pontevedra. Colaboraron tamén coa Gala, o Concello de Tomiño, a AECT do Río Minho e o Centro Goianés. Agora podes revivila na canle de Youtube da Deputación de Pontevedra.

Seminario “A Paradiplomacia en Europa: Os casos de Galicia, Flandres, Goelandia e Aland”



Produto dun acordo coa Coppieters Foundation durante o 2022 elaborouse un Informe que foi finalmente publicado o mes de febreiro do 2023. “A Paradiplomacia en Europa: Os casos de Galicia, Flandres, Goelandia e Aland” é un informe de política comparada arredor da paradiplomacia e a acción exterior na Unión Europea. Presentouse o 10 de febreiro ás 20h na Casa das Campás (Universidade de Vigo) de Pontevedra.

No acto interviu a vicepresidenta da Fundación Galiza Sempre (FGS), Ana Miranda e as persoas autoras do informe: Daniel González, Serafín Pazos-Vidal, Marola Padín e Tamara Espiñeira.

Foto 27 e 28

Seminarios “Presente e expectativa no estreito de Taiwán”

O seminario, realizado o 28 de febreiro do 2023, partiu da publicación do Informe Taiwán 2023, mais xirou arredor do tema “Presente e expectativa no estreito de Taiwán”. Nun ton académico e ao mesmo tempo re-



laxado, interviron o representante de Taiwán en España, o embaixador Jose María Liu, e Xulio Ríos, fundador e presidente de honra do IGADI e asesor emérito do Observatorio de la Política China. No seminario, tamén interviron a investigadora Inés Arco Escriche, do Cidob e César de Prado, da Universidade de Valladolid. A actividade conduciuna o director do IGADI, Daniel González Palau.

Seminario “Comercio e relacións internacionais post-pandémicas”

O Seminario organizado entre a Universidade Benemérita de Puebla (México) e o IGADI o 19 de maio, repasou os distintos artigos do nº45 do Tempo Exterior coas propias autoras e autores. O Seminario foi gratuito e nel participaron máis de 50 persoas, maioritariamente de México, mais tamén desde outros países iberoamericanos.

O número 45 do Tempo Exterior, publicado a finais do ano 2022, foi coordinado polos profesores da Universidade Benemérita de Puebla, Raquel Isamara León de la Rosa (Consello de Investigación do IGADI e Directora do Observatorio de la Política China) e Adolfo Federico Herrera García. A monografía analizou o impacto socioeconómico da pandemia no mundo, poñendo especial atención ás consecuencias en América Latina e as propias relacións latinoamericanas coa China.

Conectar o Campus Industrial de Ferrol a Asia e China

No marco do Convenio asinado a finais do 2022 entre a Universidade da Coruña e o IGADI para apoiar a internacionalización da UDC, producíronse distintos resultados partindo do Informe elaborado polo IGADI durante o 2023 “Conectar o Campus Industrial de Ferrol (CIF) a Asia e a China”.

O informe identificou unha diagnose e unha folla de ruta para conectar o CIF á Asia e China de maneira especializada no próximo trienio, na ollada longa das próximas décadas. O obxectivo da folla de ruta céntra-

La Facultad de Administración de la Benemérita Universidad Autónoma de Puebla y el Cuerpo Académico CA 366 BUAP Relaciones Económicas Internacionales invitan al:

SEMINARIO ACTUALIZACIÓN

“COMERCIO Y RELACIONES INTERNACIONALES POST-PANDEMICAS”

Aula Inteligente ADM 4
19 MAYO
09:00 a 13:00 hrs.

Evento en coorganización con:
Instituto Gallego de Análisis y Documentación Internacional

Inscripciones:
<https://forms.gle/9T UJcrPRb78tky8q7>

Dr. José Aurelio Cruz de los Angeles
Director

BUAP Facultad de Administración

Xornadas 2023 no Campus Industrial de Ferrol

Ferrol no mundo do Século XXI: Iberoamérica e o diálogo Oriente - Occidente

Salón de Graos. Facultade de Humanidades e Documentación
c/Dr. Vázquez Cabrera, s/n. Ferrol

10 de Novembro
10:00h - 14:00h

Programa da Xornada

- 10:00 **Sesión de apertura**
Presenta: **Tino Santiago**, Periodista
- 10:30 **O diálogo Iberoamericano con China**
Presenta e modera: **Javier Parrondo**, Director de Casa Asia España
- 12:00 Café ☕
- 12:30 **As universidades na axenda 2030: alianzas para o coñecemento, a paz e a prosperidade. O Campus Industrial de Ferrol nas relacións universitarias España - China**
Presenta e modera: **Félix Pulme**, Coordinador do Grao en Relacións Internacionais do CIF
- 14:00 **Clausura**
Presenta: **Marola Padín**, Vicedirectora do IGADI

UNIVERSIDADE DA CORUÑA | CAMPUS INDUSTRIAL | XUNTA DE GALICIA

<https://campusindustrial.udc.es/en/> | internacionalizacion@campusindustrial.udc.es | T: 988 34 881 013 834



se na promoción de maiores intercambios académicos e estudiantís, que podan ser tractores de mellores relacións económicas e socioculturais entre Galicia e China poñendo Ferrol no centro.

Así as cousas e no marco do Convenio, que contou co apoio de Casa Asia e o Concello de Ferrol, celebráronse as Xornadas “Ferrol no mundo do S.XXI: Iberoamérica e o diálogo Oriente-Occidente”, que organizamos o 10 de novembro co obxectivo de conectar a Galicia coa China. Participaron expertas en xeopolítica, relacións internacionais e Axenda 2030, así como especialistas nas relacións entre España e China, especificamente no ámbito universitario.

A Coruña global no mundo do S.XXI

Tralo Ciclo de Coloquios online no ano 2020 e as Xornadas na Universidade da Coruña do ano 2022, o Foro A Coruña Global convertiuse en Gala para construír un espazo mixto entre o espectáculo e a reflexión arredor dos fluxos globais que conectan A Coruña co mundo do S.XXI.

A Gala presentada por Yolanda Castaño (Premio nacional de poesía 2023) celebrouse o mércores 20 de decembro no cine da Domus, poñendo en valor unha ollada colectiva ás conexións da Coruña co resto do mundo, da economía á cultura e o coñecemento, da ciencia e a moda ás diásporas ou a lingua. Ademais presentouse a app-web do Mapa, como outro resultado do Convenio 2023.

A Gala enmarcouse no Convenio entre o Concello da Coruña e o IGADI para o ano 2023, en liña co camiño aberto polo documento de Bases de Acción Exterior (2018) e a Declaración institucional “A Coruña global no mundo do S.XXI” (2019) para reforzar a imaxe internacional e a acción exterior da cidade.



Ademais da Gala o IGADI traballou durante todo o 2023 na proxección internacional da Coruña, especificamente co instrumento do Mapa de cidade global da Coruña, que presentou no AI Song Contest 2023 o sábado 4 de novembro,

O Mapa A Coruña global, pensouse para funcionar como agasallo institucional do Concello no marco das BAEX. O Mapa de cidade global intermedia, que traza tanto un relato histórico internacional como actual da cidade, pensouse como un valor engadido para as delegacións empresariais estranxeiras, o estudantado internacional, os visitantes e turistas ocasionais, así como para as delegacións internacionais do Concello da Coruña que participan en redes de cidades, as bolsas para aprendizaxe de inglés, as viaxes dos clubs deportivos ou os axentes culturais...

Podes consultar o Mapa e todas as actividades ligadas ao desenvolvemento das BAEX A Coruña entra na web acoruna.hub.gal



7. DINAMIZACIÓN DA ACCIÓN EXTERIOR DE GALICIA

A promoción e participación de Galicia na sociedade internacional está no centro constituínte do IGADI e por iso entre as nosas liñas de traballo tradicionais destaca a promoción dunha acción exterior para Galicia con acento na lingua, con análise e investigación e actividades de facto que a desenvolven.

Neste contexto debemos ademais destacar entre as nosas actividades durante o 2023:

- O 23 de marzo participamos no Consello Galego de Acción Exterior que aprobou a Estratexia de Acción Exterior 2023-2027, cun voto afirmativo ao tempo que construtivo, apuntando ás tarefas por desenvolver da acción exterior de Galicia. Así as cousas, coa posterior tramitación parlamentaria, reunímonos cos tres grupos políticos no Parlamento presentándolles a proposta "Un Plan de Acción para a EGAEX". Da mesma maneira a Xunta Directiva en pleno presentoulle as nosas propostas á Dirección

OS ESTUDOS GALEGOS NO EXTERIOR

PROPOSTAS E DEBATE PARA UN DIAGNÓSTICO

PRESENTACIÓN E MODERACIÓN
DANIEL GONZÁLEZ PALAU
 (Director do IGADI)

ORADORES
CARLOS PAZOS-JUSTO
 (Coordinador)

MARÍA JESÚS BOTANA VILAR
ATTILIO CASTELLUCCI
TAKESHI KAKIHARA

11H00 PT/12H00 ES
 14 de xullo de 2023
 Seminario online
 ASISTENCIA GRATUITA
 INSCRIPCIÓN EN <http://bit.ly/31vVICv>

Organización:  INSTITUTO DE ESTUDOS GALEGOS DO EXTERIOR
 Apoio:  XUNTA DE GALICIA  IGADI  fct

Xeral de Relacións Exteriores e a UE. A convocatoria electoral do 21 de decembro deixou en suspenso o trámite que quedará para o Parlamento a constituírse en abril do 2024.

- Cómpre destacar de novo o seguimento realizado polo IGADI desde o ano 2012 da Iniciativa popular e posterior Lei Paz Andrade, que durante o 2023 destacou pola publicación do Decreto de creación do Observatorio da Lusofonía Paz Andrade, como órgano colexiado da Xunta de Galicia e no que o IGADI aparece como entidade experta. Agárdase que o Observatorio teña a súa primeira reunión durante o primeiro semestre do 2024.
- O IGADI realizou o décimo-cuarto informe anual da acción exterior de Galicia, Nós No Mundo, “*Construíndo o futuro, activando a lei de Acción Exterior*” no que contando coa participación de personalidades das institucións e a sociedade civil, xunto a especialistas do IGADI, apuntamos aos éxitos conseguido así como as tarefas por desenvolver para que a Lei de Acción Exterior despregue toda a súa potencialidade para o desenvolvemento de Galicia.
- En liña coa nosa labor de incidencia durante o 2023 reunímonos con Concellos e Deputacións, así como con distintos departamentos da Xunta de Galicia, as Universidades galegas, empresas e axentes da sociedade civil en xeral, de Fundacións a medios de comunicación, *incidindo na necesidade de activar a Lei de Acción Exterior de Galicia* aprobada no 2021.
- Durante o 2023 asinamos Acordos de colaboración para reforzar a acción exterior de Galicia, como o celebrado con Casa Asia, tamén con entidades galegas como a Asociación Internacional de Estudos Galegos ou a Revista Murguía, así como con entidades do ámbito da lusofonía, como o Instituto de Estudos Europeus de Macau e a Juventude Unida dos Países da Lingua Portuguesa. Os Acordos de colaboración crean un circuito de comunicación e facilitan a participación en actividades conxuntas.



8. FUNDACIÓN PLÁCIDO CASTRO

O IGADI seguiu a exercer durante o ano 2023 a Secretaría da Fundación Plácido Castro, da que impulsou a súa creación no ano 2000. A Fundación seguiu a divulgar a figura e obra de Plácido Castro, co impulso do seu patronato, a coordinación do noso Presidente de Honra, Xulio Ríos, e a Presidenta da Fundación, Susi Castro.

As actividades troncais da Fundación continuaron durante o 2023, coa XXIV Conferencia anual “A Irlanda de Plácido R. Castro: da claridade modélica á ambivalencia retórica”, impartida por Xavier Rodríguez Madriñán o 25 de Xaneiro do 2023 no Concello de Oleiros. Da mesma maneira, co desenvolvemento do XXI Premio Plácido Castro de tradución, que recibiu o Día Internacional da Tradución, o 30 de setembro, Eva Almazán pola obra “O ano do pensamento máxico/The Year of Magical Thinking, de Joan Didion”; e a Xosé Antón Parada Fernández, pola obra “Código de Hammurabi” e outras compilacións legais de procedencia babilónica. Ademais realizáronse máis dunha ducia de actividades que dan conta dun ano de gran intensidade para a Fundación e que podes consultar na súa [Memoria de actividades 2023 da Fundación](#).

Destacamos de maneira significativa que ao abeiro da nova normativa en materia de memoria democrática,



a fundación conseguiu o 4 de xullo, a declaración de nulidade da sentenza que en 1940 estableceu a condena de Plácido Castro en razón da súa militancia política galeguista e a súa reparación persoal.

Entre outras novas destacadas, destacamos as presentacións da biografía de Plácido Castro “Nós mesmos no mundo”, a participación da Fundación nos actos organizados pola Fundación Vía Galega arredor desta efeméride ou a incorporación á Secretaría da Fundación de Jacobo Domínguez Pereira (Cambados, 1977) Historiador e profesor, é autor da celebrada «Breve historia de Cambados».



9. COMUNICACIÓN

Así coma o traballo de análise máis académico e estratéxico canalízase por medio das publicacións físicas do IGADI, a páxina web presenta con regularidade análises variados de actualidade da nosa Rede de investigadoras asociadas e colaboradores en Galicia e no resto do mundo. Foron máis de 200 artigos publicados na web durante o ano 2023!

Máis alá da extraordinaria novidade da web nova, que tamén deixa ver a actualización reorganizativa e a actualización das Liñas de investigación e análise do IGA-DI, continuamos tamén o traballo de sistematización nas redes sociais, e o noso proceso de sistematización de historias baixo etiquetas e cancelos no [twitter](#), [facebook](#) e [linkedin](#), coma:

- #NósNoMundo
- #OMundoDesdeAquí
- #UmaHistoriaSXXI
- #OGALUS
- #ParadiplomaciaLocalGalega
- #ARaiaNoMedio
- #30anosIGADI



10. CONCLUSIÓNS FINAIS

O 2023 fixo honra ao Plan anual da entidade *“O final dun camiño e o inicio de moitos”* pechando a crise aberta durante a pandemia e abrindo distintos itinerarios para consolidar a vida do IGADI no curto, medio e longo prazo.

Así, se a web nova abriu unha nova xanela ao mundo, os novos formatos de actividades como a Gala da Lusofonía e a A Coruña Global, marcan o camiño de iniciativas que superen a análise teórica cara unha transferencia máis directa e próxima coa sociedade.

No núcleo desta nova andaina a idea de seguir a darlle corda e resultados a nosa misión fundacional de defender unha política internacional para Galicia, entendendo o mundo desde o pensamento de Nacións Unidas.

INSTITUTO
GALEGO
DE ANÁLISE
E DOCUMENTACIÓN
INTERNACIONAL



I
GA
DI

WWW.IGADI.GAL